

Sempre no Prado

A longa viaxe rematara. Adentrámonos por unha gran porta custodiada por unhas preciosas columnas brancas. Mamá falaba con unha muller dun porte moi distinguido que, mentres eu miraba ao chan, colleume a man e díxome que marchábamos de excursión.

Os corredores do edificio eran bastante máis altos que mamá, que é unha xigante xa de por sí. De súpeto, xa non percorríamos aquelas galerías, senón que estabamos nunha sala antiga onde había moitas nenas da miña idade. Os seus pais posaban ante un pintor que non os estaba pintando a eles: as nenas presidían a escena. A rapaza loura do centro destacaba especialmente coma se fose unha princesa. A muller colleume a man de novo e saímos da sala. Entramos a un espazoso aínda que estraño xardín no que había moita xente espida e plantas que na miña vida vira. Todo estaba cheo de cor mais, se mirabas á esquerda podías ver unha zona escura, na que a xente berraba dun xeito arrepiante. Ao verme mirando cara aquela banda, a muller sacoume do xardín correndo.

Pasamos por unha sala escura na que un home posaba firme cunha man no peito. Logo, por diante dun aluado que deboraba o que parecía ser un neno pequeno. A muller tapoume os ollos. Cando retirou a man estabamos nunha praia na que algúns nenos xogaban na beira do mar. Era un lugar precioso mais tiñamos que marchar, a muller andaba con presa. Na seguinte dependencia parouse a falar cun home louro ao que chamaba 'Dürer'. Parecían ser moi amigos, mesmo amantes!

Tivemos que deixar ao home senlleiro xa que o tempo era escaso.

Soprendímonos despois a uns homes que apuntaban con armas a outros, rodeados polos seus compañeiros mortos. Continuamos ata un palacio, onde unha muller posaba totalmente espida. Saudou tamén á miña acompañante e alí quedou, espida pero sorrindo. Sorpendéronnos tres mulleres que, tamén espidas, danzaban en círculos nun bosque. As seguintes salas eran todas escenas bíblicas, sobre todo crucifixións, as cales ignorei xa que eran aburridas e case iguais. Ao final había unha na que Xesús era especialmente esbrancuxado e alto. Aquela sí que era unha escena atercedora!

Fuximos ata a última destas escenas, na que un anxo falaba cunha muller. O ceo emanaba un raio de luz que apuntaba hacia ela. Sen dúbida algunha era María, a nai do pobre home que xustamente viramos morto segundos antes.

Achegábase o fin e, tras ver a gran cantidade de homes poderosos facendo cousas importantes, decateime de que as pobres mulleres sempre estaban espidas, eucánimes ou cun home, que era o que presidía o cadro. A muller que andaba comigo díxome que xente coma eu tiñamos a tarefa de cambiar iso e de chear mundos como o seu de mulleres empoderadas e intelixentes.

Chegamos ao final do noso percorrido e, por fin cunha tarefa na vida, quixen quedar alí. Aínda quedaban salas por ver mais miña nai separoume da guía e regresamos ao vestíbulo do inicio.

Toda a maxia desaparecera e pronto saímos pola porta das columnas. Era un día gris, chovía a mares en Madrid. Mentres corríamos cara o coche promentímonos a min mesma que, a partir dese mesmo día faría todo o posíbel para que un dos meus cadros pasara a ser unha desas salas encantadas. Tiña unha ambición e non sería doado pararme os pés. Vémonos pronto, espero que no Prado.